

Programa de Actividades de Formación Continua Outubro - Decembro 2018

15 outubro

Curso de Reprodución Bovina

Previsto para os días luns 15, martes 16 e mércores 17 de Outubro en horario de 10,00 a 17,00 h. O transplante de embrións, a inseminación artificial e o control da reprodución serán os temas a tratar. Colaboran os Servizos Técnicos de Feiraco, Embriovet e gandarías da zona. Dirixido preferentemente aos alumnos de 1º do CFGS de GASA.

6 novembro

Actividades de Micoloxía

Na semana do 6 ó 9 de Novembro os alumnos de ESO e de FP terán a oportunidade de iniciarse no mundo dos cogumelos. Haberá explicacións teóricas e roteiros de identificación e recollida.

En colaboración coa Asociación Castaño e Nogal o venres 9 de novembro pola tarde e o sábado 10, terán lugar as “Xornadas micolóxicas de Quintá de Cancelada” (Becerreá). Inclúen roteiro, xantar e visitas ao patrimonio etnográfico e cultural.

E para o venres 16 e o sábado 17 o está programadas actividades en Fonteboa (venres pola tarde charlas e sábado pola mañan roteiro , clasificación e degustación).

21 novembro

Xornada de Implantación de Pradeiras

Prevista para o mércores 21 de Novembro. Trataranse cuestións como a agricultura de precisión aplicada ao manexo das pradeiras. Pola mañan, ponencias (sementes, fertilización e sementeira de pradeiras) e pola tarde, estudo dun caso práctico.

24 novembro

Xantar Solidario 2018 “O COCIDO DOS NOSOS LARES”

Previsto para o sábado 24 de Novembro. Ao igual que en edicións anteriores, preténdese promocionar os produtos agroalimentarios locais e fomentar a solidariedade. Colaboran empresas da zona e a recadación vai destinada ao apoio de proxectos educativos impulsados por AIMFR (Asociación Internacional de Movimientos Familiares de Formación Rural) e outras entidades de atencións sociais.

26 novembro

Acreditación en Benestar Animal

Do luns 26 ao venres 30 de novembro realizaremos un curso que acreditará a formación en esta materia para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración así como para o transporte de animais vivos. O curso realizarase en horario de mañá.

19 decembro

Xornada de Xestión “Análise dos recursos Humanos na gandaría”

Programada para o mércores 19 de decembro e versará sobre a xestión dos recursos humanos nas granxas de leite. Haberá ponencias sobre protocolos de traballo, competencias, habilidades e actitudes dos xestores e traballadores das granxas. Complementarse cunha visita técnica e traballo de grupo sobre os temas da xornada.

7 novembro

Formación en Cicapis

(Centro de Investigación, Capacitación e Promoción Apícola)

Xa está a funcionar o Cicapis, un proxecto para a promoción e divulgación da apicultura na zona, un investimento subvencionado por Agader. Está instalado un apiario didáctico e un laboratorio dotado con materiais para obradoiros e investigación en apicultura. De momento estanse a desenvolver actividades como a esmelga e análise dos meles.

A partir do 7 de novembro desenvolverase o “Programa integral de formación en apicultura” que terá lugar os mércores de 19,00 a 21,00 h. O programa está estruturado en 4 módulos: Módulo I (Introdución á apicultura, fundamentos biolóxicos e o mel), Módulo II (Mantemento e preparación das colmeas) Módulo III (O colmear na primavera, formación de núcleos e cría de raíñas) e Módulo IV (Outros produtos da colmea e defensa do colmear). As inscricións poden ser por módulos ou polo programa completo.